

# Obradoiro de recursos informáticos para traballar en galego



Destinado a persoas que desexen ampliar coñecementos sobre os recursos lingüísticos que a informática pon ao dispor da lingua galega. Non se requiren coñecementos de informática, pero convén ter familiaridade na utilización de internet.

Contidos: perséguese un achegamento ao uso integrado do conxunto de ferramentas. O programa organízase en 3 bloques diferenciados:

- Verificación da corrección lingüística
- Aplicacións da tradución automática
- Dicionarios, repertorios terminolóxicos e bancos de datos textuais

Pódese consultar unha proposta pormenorizada para o desenvolvemento do programa consonte esta organización en <http://sli.uvigo.gal/aulas/anl/>

**Datas e horario: 25, 26, 27, 28 de setembro e 2, 3, 4, 5 de outubro de 2017 (de 18:30 a 21:00). Total: 20 horas**

**Lugar: planta baixa [aula de informática] do Centro Local de Emprego e das Ocupacións (edificio Fernando Carreras, da rúa Areal-O Porto {antiga reitoría})**

{Espazo cedido gratuitamente polo Concello de Vigo coa colaboración da Concellaría de Participación Cidadá}

*Para inscribirse deben enviar un correo electrónico a [actividades.snl@vigo.org](mailto:actividades.snl@vigo.org) cos seus datos (nome completo e teléfono). Cómpre poñer no asunto: obradoiro recursos informáticos*